

FESTAS DA BARQUIÑA 2016

III RUTA DE BICICLETAS CLÁSICAS; III BAIXADA DE CARRETAS, CARROS E CARRILANAS E III ABERTO DE BILLA DE PONTECESO

**SÁBADO 10 (RUTA E BAIXADA) E DOMINGO 11 (ABERTO) DE
SETEMBRO DE 2016**

COMITÉ ORGANIZADOR

PRESIDENTE: RICARDO PÉREZ Y VERDES

SECRETARIO: LOIS FONTAN MAZÁS

VOGAIS: XOSÉ COLLAZO REGUEIRA

JOSÉ ANTONIO GENDE PREGO

MARIA DEL CARMEN BESTILLEIRO GARABOA

ALVARO DOMINGUEZ LOUREIRO

DANIEL COTELO MALPICA

MARIA DOLORES GONZÁLEZ ROEL

XABIER PÉREZ GONZÁLEZ



FESTAS DA BARQUIÑA 2016

III ABERTO DE BILLA de PONTECESO

REGULAMENTO

1.- Poderán participar no **III ABERTO DE BILLA** de Ponteceso, todas aquelas persoas que o desexen, sempre e cando estean inscritos para o devandito concurso/competición. **A inscrición será GRATUÍTA.** As inscricións levaranse a cabo por teléfono, fax ou correo electrónico ou ben directamente no MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia), sito no Centro Cultural de Ponteceso, en horario de mañá de 9,00 h. a 13,00 h. e polas tardes de 17,00 h. a 20,00 h. **Os participantes inscribíranse de forma individual. O prazo límite de inscrición finalizará o venres 09 de setembro ás 14,00 h.**

2.- Este festival galego do Xogo e o Deporte Tradicional, celebrarase o **SÁBADO día 10 de setembro de 2016 ás 17,00 h. da tarde**, con motivo das festas Patronais da Barquiña, organizado pola Fundación Ricardo Pérez e Verdes, o MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia), a Liga Nacional de Billarda e a Conferencia Noroeste de Galicia.

3.-**O lugar da carreira/tirada será no Campo de Xogos do MELGA** anexo ao Centro Cultural de Ponteceso.

4. -**Haberá tres categorías: GRUPO A: de 6 a 14 anos; GRUPO B: de 15 a 30 anos e GRUPO C: de 31 anos en diante**, tanto en masculino e feminino.

5.- Todos os competidores que se inscriban, deberán **levar obrigatoriamente, os seus palans e as súas correspondentes billas.** En caso de que algúns tiradores/ras non posúan os elementos do xogo (billa-palán), a organización poderá, en calidade de préstamo e excepcionalmente, ceder os devanditos implementos para realizar a competición.

6.- O palán, será de madeira, e terá unha lonxitude de 60 cm. e un diámetro máximo de 3 cm. e un mínimo de 1,5 cm. A billa, tamén será de madeira, e a súa lonxitude máxima será de 25 cm. e mínima de 18 cm. cun diámetro máximo de 3 cm. e un mínimo de 1,5 cm. O palán deberá ir suxeito o pulso da man por unha fita de seguridade que será **OBRIGATORIA** para participar no concurso.

7.- A cancha de xogo, será un terreo (herba, cemento ou terra) o mais chairro posible sen obstáculos, e terá unhas dimensións aproximadas de 50 x 20 m. Ademais terá un Varal que son dous postes situados a 3,60 m. un do outro, colocado na liña que delimita a meta final do campo de xogo. Enfrontado e oposto ao Varal, na liña de saída, localízase un cadrado (madeira, terra, pedra lisa) de 60 x 60 cm. que será a Zona do saque ou inicio da partida.

8.- O concurso desenvolverase por enfrontamento dun xogador contra outro, é dicir, entre parellas.

9.- O xogo consistirá en tratar de chegar coa billa ata o Varal, traspasando totalmente este, no menor número de golpes posible e antes que o seu contrincante.

10.- Coa billa sobre o chan na zona de saque, o xogador/a golpeará co palán nun dos seus extremos puntiagudos da billa, para que salte cara a arriba e unha vez no aire, golpeala de novo fortemente, intentando dirixila cara ao varal, coa finalidade de traspasala entre os dous paus.

11.- **Todo xogador/a terá un tiro en cada acción.** Sempre que toque a billa o palán, aínda que esta non se levante, contabilizarase un tiro válido e o golpeo pasará ao seguinte palanador/a. En cambio, **SI estará permitido que o xogador/a poida golpear varias veces a billa**, segundo a súa habilidade e desexo, **cando esta se encontra aínda no aire.**

12.- Os palanadores/ras dende a zona de saque farán os seus **lanzamentos en orde alternativa.**

13.- Cando un xogador/a consegue **introducir a billa no varal dun só golpe denomínaselle "Varado"**. Se o primeiro lanzamento non se consegue varado, o palanador/a fai o seguinte lanzamento dende o lugar onde se detén a billa.

14.- **Está prohibido mover, parar ou desviar a billa intencionadamente mentres está en movemento**, pero antes do lanzamento **permítese colocar a billa ou xirala sobre o seu eixe, pero nunca se pode desprazar.**

15.- **Se o terreo de xogo, tivese algunha irregularidade** que non facilitase o correcto golpeo de lanzamento, **permitirase ao competidor/a unha axuda extra, que consiste en colocar debaixo da súa billa algún obxecto** (pedra, outra billa, afundido en terra, etc.), que eleve a punta da mesma e se poida efectuar o golpeo axeitadamente.

16.- **Se unha billa toca o terreo de xogo, despois de ser golpeada e sae fóra polo lateral da pista, o seguinte tiro farase dende o punto da liña por onde a billa saíu fóra, o que se chama "saque de banda". Pero se a billa sae polo lateral directamente sen tocar o chan, volverase ao lugar de onde foi lanzada.**

17.- **Se o lanzamento sae pola liña de fondo, toque ou non a pista antes de saír, volverase ao lugar do lanzamento.**

18.- **Un tiro considerarase non válido, cando non traspase completamente a liña de marca do terreo de xogo. O mesmo acontece no Varal, a billa ten que superar completamente a liña de meta para que sexa o tanto válido.**

19.- **As árbores, farois, ou distintos obxectos fixos que existan na pista de xogo, considéranse elementos do xogo, polo tanto se a billa bate contra eles será coma se golpease contra o poste do varal, considerándose válido o lugar en que remata a billa. O mesmo acontece se a billa golpea accidentalmente noutro xogador, no árbitro ou en calquera espectador que distraído puidera cruzar a pista no momento do lance do xogo.**

20.- **Se ao ser golpeada unha billa por un palanador/a golpea outra billa que estea parada no chan, esta debe volverse ao sitio e a que golpeou quedarase onde se pare.**

21.- **Se o xogador que ten a quenda de tiro fose, a criterio do árbitro, molestado no momento de golpear a billa, poderá optar ou non por repetir o golpe. Cando o infractor sexa outro xogador, que faga intencionalmente a devandita acción, este será penalizado coa perda de dous (2) puntos á súa clasificación final.**

22.- **A competición do III ABERTO DE BILLA farase, un contra un, en sistema de TODOS CONTRA TODOS, seguindo as Táboas de competición Internacional. Unha vez comezado o concurso, non se admitirán mais participantes, a excepción de que o grupo estea cun número impar e non se iniciase a segunda rolda da xornada.**

23.- **No caso de contar con moitos xogadores/ás en cada grupo, a competición estableceríase polo sistema de ELIMINATORIA DIRECTA ou faríanse, si fora posible, varios grupos.**

24.- **Gañará a partida ou carreira, aquel xogador/a que consegue meter a billa no varal antes que o seu contrincante, pero sempre co mesmo número de lances feitos por cada xogador. Se ambos os dous pasan o varal co mesmo número de golpes, producirase un empate.**

25.- **No caso de empate, tanto nas fases clasificatorias coma en varados, os xogadores/ás mediranse, dende a liña de saída, nun só lanzamento, gañando aquel que consiga chegar máis preto ao varal ou traspase este.**

26.- **A cada xogador/a que gañe un encontro concederáselle dous (2) puntos e ao perdedor un punto (1). Os dous palanadores/ás que consigan máis puntuación, nos seus respectivos grupos, mediranse nunha GRAN FINAL.**

27.- **Todos os encontros estarán supervisados por xuíces ou árbitros cualificados. As súas decisións son inapelables.** No caso de que un palanador/a non estivese de acordo cunha decisión arbitral, **poderase presentar unha reclamación por escrito, dirixida ao Presidente do Comité da Organización.**

28.- **O sábado 12 de setembro, día anterior á Gran Final, a partir das 16,00 h. e ata as 20,00 h., a Organización do Torneo habilitará para todos aqueles palanadores/ás que o desexen, o campo de xogo do MELGA, para realizar unha sesión práctica de adestramento antes da competición final. A sesión estará dirixida por varios monitores da Conferencia Noroeste de Billarda de Galicia.**

29.- Os premios que se concederán neste **III ABERTO DE BILLA** de Ponteceso, serán os seguintes: un trofeo ao campión, subcampión en terceiro clasificado de cada grupo; un premio especial para os palanadores/as mellor clasificados do concello de Ponteceso nas súas respectivas categorías; un recordo para o xogador/a máis novo e outro para o xogador máis veterano e un trofeo feminino e outro masculino, para os **"Paláns de OURO"** (aqueles que consiga traspasar o varal nun só golpeo).

30.- En caso de que o tempo non nos acompañe, o **III ABERTO DE BILLA** do Concello de Ponteceso, **NON SE SUSPENDERÁ**, xa que este se trasladaría ao Polideportivo Municipal.

31.- O presente regulamento será de exclusiva aplicación neste concurso/competición. Para todo o non considerado neste, nos remitiremos ao Comité Organizador do evento, que estudará, analizará, e avaliará as reclamacións pertinentes presentadas, para a súa aprobación ou reprobación final.

32.- **Para calquera información dirixirse ao MELGA (Museo Etnolúdicode Galicia) sito na Casa dá Cultura de Ponteceso no teléfono 981.71.54.42, correo electrónico ricardop@udc.es.**



III ABERTO DE BILLA de PONTECESO (Domingo,11 de setembro de 2016)

PROGRAMA

10,30 a 10,45 h.: RECEPCIÓN E ENTREGA Da DOCUMENTACIÓN A XOGADORES/AS

10,45 a 11,00 h.: PRESENTACIÓN E CONTROL DO MATERIAL DE XOGO

11,00 a 11,30 h.: QUECEMENTO E ADESTRAMENTO NO TERREO DE XOGO

11,30 a 11,45 h.: INICIO DA COMPETICIÓN OFICIAL PARA O PRIMEIRO GRUPO

CANCHA 1: GRUPO "A" . CANCHA 2: GRUPO "B" (ADESTRAMENTO)

DESCANSA: GRUPO "C"

11,45 a 12,30 h.: COMPETICIÓN OFICIAL SEGUNDO GRUPO

CANCHA 1: GRUPO "B". CANCHA 2: GRUPO "C" (ADESTRAMENTO)

DESCANSA: GRUPO "A"

12,30 a 13,15 h.: COMPETICIÓN OFICIAL TERCEIRO GRUPO

CANCHA 1: GRUPO "C" . CANCHA 2: GRUPO "C"

DESCANSA: GRUPO "A" e GRUPO "B"

13,15 a 13,45 h.: GRAN FINAL

CANCHA CENTRAL: CAMPIÓN E SUBCAMPIÓN DE CADA GRUPO

14,00 h.: ENTREGA DE TROFEOS E PREMIOS

14,30 h.: CLAUSURA DO III ABERTO DE BILLA DE PONTECESO

OBSERVACIÓNS:

- O programa posiblemente poida sufrir algunha modificación no transcurso da competición. Se isto ocorre, todos os palanadores/as serán puntualmente informados para a boa marcha da xornada.
- Rógase RESPECTAR Os HORARIOS establecidos pola Organización.




Don/ña _____, mayor de edad y con el
D.N.I.: _____, vecino/a de la localidad de _____
y domiciliado en la calle/avd. _____,

A U T O R I Z O : a mi hijo/a (_____)
a participar en la actividad del **III ABERTO DE BILLA**, que organiza la Fundación
Ricardo Pérez y Verdes y el MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia), con la
colaboración de la Liga Nacional de Billarda, la Conferencia, que se va a **celebrar el
domingo día 11 de setiembre de 2016** en el Concello de Ponteceso, **asumiendo toda
la responsabilidad de cualquier incidencia que se derive de su participación.**

A los once días del mes de setiembre de dos mil dieciséis.

Fmado: _____



Don/ña _____, mayor de edad y con el
D.N.I.: _____, vecino/a de la localidad de _____
y domiciliado en la calle/avd. _____,

A U T O R I Z O : a mi hijo/a (_____)
a participar en la actividad del **III ABERTO DE BILLA**, que organiza la Fundación
Ricardo Pérez y Verdes y el MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia), con la
colaboración de la Liga Nacional de Billarda, la Conferencia Noroeste, durante las
Fiestas patronales de la Barquiña, que se va a **celebrar el domingo día 11 de setiembre
de 2016** en el Concello de Ponteceso, **asumiendo toda la responsabilidad de
cualquier incidencia que se derive de su participación.**

A los once días del mes de setiembre de dos mil dieciséis.


Fmado: _____



Don/ña _____, mayor de edad y con el
D.N.I.: _____, vecino/a de la localidad de _____
y domiciliado en la calle/avd. _____,
Tlfono: _____ e-mail _____, **MANIFIESTA**
su deseo de participar en la **III ABERTO DE BILLA**, a celebrar el **domingo día 11 de septiembre de 2016**, organizado por el MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia) y la Fundación Ricardo Pérez y Verdes, con la colaboración de la Liga Nacional de Billarda, la Conferencia Noroeste, durante las Fiestas Patronales de la Barquiña, del Concello de Ponteceso. **El abajo firmante se compromete a cumplir las normas establecidas por la organización, y asume la responsabilidad de cualquier incidencia que se derive de su participación.**

A los once días del mes de septiembre de dos mil dieciséis.

Fmado: _____



Don/ña _____, mayor de edad y con el
D.N.I.: _____, vecino/a de la localidad de _____
y domiciliado en la calle/avd. _____,
Tlfono: _____ e-mail _____, **MANIFIESTA**
su deseo de participar en la **III ABERTO DE BILLA**, a celebrar el **domingo 11 de septiembre de 2016**, organizada por el MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia) y la Fundación Ricardo Pérez y Verdes, la Liga Nacional de Billarda, la Conferencia Noroeste, durante las Fiestas Patronales de la Barquiña, del Concello de Ponteceso. **El abajo firmante se compromete a cumplir las normas establecidas por la organización, y asume la responsabilidad de cualquier incidencia que se derive de su participación.**

A los once días del mes de septiembre de dos mil dieciséis.

Fmado: _____

